



www.oqueleo.com

© 2017, Héctor Cajaraville
© Desta edición: 2019, Santillana Infantil y Juvenil, S. L.
e Edicións Obradoiro, S. L.
Entrecercas, 2 - 15705 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 55 27 40

ISBN: 978-84-16834-43-3
Depósito legal: M-1082-2017
Printed in Spain - Impreso en España

Terceira edición: febreiro de 2019

Dirección da colección:
Ana María Guerra e Maite Malagón
Editora executiva:
Yolanda Caja
Dirección de arte:
Xosé Crespo e Rosa Marín
Proxecto gráfico:
Marisol del Burgo, Rubén Chumillas, Ester Marín, Rosa Marín,
Julia Ortega e Álvaro Recuenco

Calquera forma de reprodución, distribución,
comunicación pública ou transformación desta obra
só pode ser feita coa autorización dos seus titulares,
agás as excepcións que establece a lei. Contacte con CEDRO
(Centro Español de Dereitos Reprográficos, www.cedro.org)
se necesita fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra.

O SEGREDO DA CASA DE FORMOSO

Héctor Cajaraville

oqueleq

A cidade estadounidense de Bayonne forma parte dun dos maiores conglomerados urbanos do mundo: o denominado *BosWash*, acrónimo formado a partir da primeira sílaba das dúas cidades que constitúen os seus extremos, Boston e Washington. Entremedias, máis de cincuenta millóns de habitantes repartidos por unha ducia de estados ao nordeste do país.

Bayonne é só un puntinho no mapa desa faixa costeira que abrangue máis de seiscentos quilómetros de norte a sur. Pese a pertencer ao estado de Nova Jersey, está practicamente integrada na cidade de Nova York, e a súa situación, entre a baía de Newark e a Upper Bay, ademais de darlle nome (*Bayonne* sería un aumentativo de *baía* procedente do francés, idioma dos primeiros poboadores europeos da zona, xunto cos holandeses) condiciona tamén a súa actividade económica, en que o movemento portuario representa máis da metade dos recursos.

Como toda a contorna, a localidade viviu un intenso crecemento ao inicio do século XX, cando en apenas trinta anos pasou de vinte mil habitantes a case oitenta

mil. Homes e mulleres chegados de todos os recunchos do planeta e que converten a súa paisaxe urbana nun mosaico onde se pode encontrar case calquera lingua, raza ou nacionalidade de procedencia. Moitos son orixinarios de países de América Central e do Sur, sobre todo cubanos, portorriqueños e brasileiros. Tamén de Europa: irlandeses, italianos, polacos... E galegos.

6 A maior colonia de galegos nos Estados Unidos estableceuse en Newark, a principal cidade de Nova Jersey; pero un pequeno grupo elixiu Bayonne, quizais por ser o punto de chegada dos barcos que os traían desde Vigo e A Coruña a mediados do século pasado. A colectividade galega de Bayonne non alcanza os douscentos membros e nin sequera dispón dunha sede como en Newark, onde os socios do centro galego se contan por miles e mesmo un dos barrios recibe o nome de Little Galicia. Pero en Bayonne son só unha comunidade máis, outra illa no arquipélago de diásporas que é o autoproclamado *país das oportunidades*.

A partir da década de 1980 o fluxo de inmigrantes chegados de Galicia reduciuse ata converterse en testemuñal, e os que seguen chegando fano agora por contagotas. Entre eles, Carmiña e Laureano, dous mozos do concello de Céltigos que na metade dos anos noventa viron no outro lado do Atlántico a mellor opción para comezar unha nova vida.

O que acabou de decidilos foi a posibilidade que se lle presentou a Laureano de entrar a traballar nunha empresa de construción dirixida por un galego. Durante dez anos

traballou de xeito permanente: o continuo crecemento de Bayonne garantía a actividade da empresa. Se non era na zona portuaria, era nas áreas residenciais ás que viñan parar aqueles que non podían permitirse unha vivenda na cidade de Nova York. Pero cara ao 2006 a expansión acadou o seu punto máximo e a partir de entón os contratos comezaron a reducirse, ata que cinco anos máis tarde a empresa se declarou en quebra e Laureano pasou a ser un parado máis no marco dunha crise mundial que se iniciara a só uns quilómetros de alí, na sede neiorquina de Lehman Brothers.

7

Cando chegaron as vacas fracas, o matrimonio tiña un fillo: David, nacido en xullo de 1998, nos tempos dourados da *aventura americana*. Un ano antes Carmiña encontrara traballo no Muino, un restaurante galego de certa sona na localidade. *Muino* é a adaptación do *Muíño* galego ao mundo anglosaxón, onde acentos e eñes non son ben aceptados. Carmiña (*Carmina* para os compañeiros) traballa atendendo as mesas, en que senta unha clientela composta por galegos desexosos de manter vínculos culinarios coa súa terra; latinos que pensan que *Galician Restaurant* é sinónimo de *Spanish Restaurant* e piden paella, tortilla e gazpacho; e nativos que queren probar unha comida para eles tan exótica como a vietnamita ou a etíope.

Desde que Laureano está no paro, os únicos cartos que entran na casa son os procedentes do salario de Carmiña, ademais das chapuzas que o marido realiza de cando en vez: reparación de electrodomésticos, arranxo de xardíns, labores de carpintaría, pintar algunha vivenda... O xusto

para poder dicir que non está man sobre man, e para contribuír ao peto en que a familia vai xuntando os cartos que pagarán os estudos universitarios de David.

8 Pero o momento xa chegou: David rematou a secundaria no Marist High School e en setembro comeza o grao de Informática na Kean University. Non en Princeton nin na Seton Hall, onde a matrícula é inaccesible para quen non recibe unha bolsa a cambio dun expediente esplendoroso ou non dispón de trinta mil dólares anuais. A Kean é pública, custa a terceira parte e ademais está ao lado de Bayonne.

O feito de que Carmiña e Laureano non decidisen regresar a Galicia débese a unha mestura de desánimo e ilusión: a preguiza de pensar nunha nova mudanza e a confianza en que as cousas volvan cambiar, desta volta para mellor. Pero sobre todo é por orgullo. No seu momento marcharon contra a opinión da familia, das dúas familias. Desoíron os consellos de todos e regresar agora sería darlles a razón negada daquela.

David non coñece Galicia, aínda que estivo alí nunha ocasión. Foi en xaneiro de 1999, cando tiña seis meses e os seus pais decidiran investir parte dos aforros en comprar dous billetes de avión para visitar a familia e presentar o novo membro. Desde entón, só Carmiña estivo outra volta en Galicia, e por un motivo moi diferente: a morte da súa nai, Olivia, en maio de 2015. Daquela, algo máis dun ano atrás, a urxencia con que houbo que organizar a

viaxe obrigou a que Laureano e David quedasen na casa. A urxencia e mais os dous mil euros que custaba cada billete de ida e volta adquirido dun día para outro.

Así que Carmiña foi a única representación neoirquina no enterro da nai, que se atrasou un día para que ela chegase a tempo. Foi un estraño reencontro que transcorreu entre a alegría de ver de novo os seus irmáns e sobriños e a dolorosa despedida a unha muller que fora a peza que máis os unira como familia, talvez a única. Olivia quedara viúva en 1972, un ano despois do nacemento da última filla, precisamente Carmiña, e desde entón loitara en solitario por sacar adiante os cinco nenos que lle quedarán, o maior de once anos.

Coa morte de Olivia, a vivenda familiar ficou baleira. Pastor, o maior dos irmáns e o único home, nunca quixo saber nada dela, e ao pouco de casar marchou para Santiago, onde montou unha empresa de transporte de mercadorías que se iniciou cun pequeno camiión e que agora posúe unha frota dunha decena de tráilers. As outras irmás foron casando na veciñanza, e todas viven na contorna da casa natal, aínda que en lugares e parroquias diferentes.

A «Casa de Formoso», como é coñecida en Céltigos a propiedade da familia de Carmiña, é unha ampla edificación de dous andares, toda en pedra e con cento cincuenta metros cadrados por planta. Ten ademais, ben pechado cun muro de cachotería, un terreo de nove ferrados, máis de catro mil metros cadrados, case media hectárea. A facenda está preto da beiramar, e desde a morte de Olivia tivo na porta do cercado que a rodea un cartel de «Vénde-

se» que axiña atraeu o interese de particulares e inmobiliarias.

10 Logo duns meses ensinándolles a casa a potenciais compradores, labor do que se encargou Olivia, a maior das tres irmás de Carmiña, unha construtora puxo sobre a mesa unha oferta que igualaba as peticións iniciais da familia. O proxecto contemplaba demoler a vivenda e edificar nos terreos vinte chalés acaroados, e iso fixo que os cinco irmáns tivesen dúbidas sobre a aceptación da proposta: era a casa das súas lembranzas, onde vivira a súa nai ata había nada, e o pouco que lles quedaba en común tras o pasamento da anciá.

Ao final puido máis o gorentoso da cifra e os cinco deron o seu consentimento. De todo se encargou o irmán maior, Pastor. Na familia sorprendeu a súa disposición para investir tempo e esforzos na venda dunha casa da que nunca quixo saber nada, polo que a nai decidira deixárllela a partes iguais aos cinco fillos. Pastor é a un tempo xefe da empresa e condutor dun dos camións, de modo que non lle sobra o tempo. O que si lle sobran son os cartos, o que fai que se entenda menos o seu ofrecemento.

Aínda que quen se encargou máis directamente da operación foi Sonia, a filla maior de Pastor, avogada nun bufete de Santiago. A súa achega fixo que a negociación se realizase en óptimas condicións para a familia, que ao final pactou a transacción nun millón de euros.

Do outro lado do Atlántico a noticia foi recibida coma se lles tocase a lotaría. Unha cantidade así non garante a

fin dos problemas económicos, pero permitirá un respiro e unha tranquilidade de varios anos, de moitos anos. Só queda asinar a acta de compravenda, en que deben estar presentes todos os irmáns, ademais dos representantes da inmobiliaria: será o 1 de agosto ás nove da mañá, no despacho do notario compostelán Valentín Pastrana.

Xullo e agosto son os meses de maior actividade no restaurante Muino. A Carmiña xa o ano anterior lle concederon uns días libres para poder asistir ao enterro da súa nai e non quere abusar da xenerosidade dos xefes nun país en que o despedimento resulta case de balde. Por iso busca o xeito de non ter que viaxar novamente a Galicia: enviar no nome dela o seu fillo, que acaba de facer os dezoito anos, o que o converte en maior de idade nos dous países.

David rematou a High School e está gozando das vacacións previas á universidade, de modo que para el é tamén un bo momento para coñecer o lugar de orixe dos seus pais. Non é que estea entusiasmado coa idea, pero na casa non se vai abrir un debate ao respecto nin lle van consultar a súa opinión. Así que el mesmo se encarga de sacar un billete para o venres 29 de xullo; sairá do aeroporto de Newark, preto da súa casa, e chegará á Lavacolla, en Santiago, vía Madrid. O prezo volve resultar elevado, como lle sucedera a Carmiña: estamos en temporada alta e a antelación é pouca. Pero nesta ocasión o esforzo doe algo menos.

Venres, 29 de xullo

13

—Fixeches como che dixen? —pregunta Carmiña.

—Si, mamá... —contesta David con certo fastío—. A volta quedou aberta: cando queira regresar só teño que avisar uns días antes —ante o sorriso de satisfacción da nai, o mozo continúa—. Pero non penses que vou botar alí o mes todo, estarei o tempo xusto de arranxar o asunto ese da herdanza, e para a casa. A min alí non se me perdeu nada.

—Como que...? —anóxase a nai—. Pois para empezar alí perdéuseche unha familia enteira! Oito tíos e tías, non sei cantos curmáns... E iso só polo meu lado; polo do teu pai tes uns avós e unha tía que só te viron acabado de nacer. Paréceche pouco motivo?

—Non sei —dubida David—. Tampouco me podes pedir agora que deveza por ver unha familia coa que nunca tiveron contacto. Pero está ben: botarei alí o tempo que sexa preciso, asinarei o que haxa que asinar e tratarei de que todo o mundo pense que estou encantado de coñecelos —sorrí o mozo con picardía.

—Supoño que deberei conformarme... —acepta Car-
miña—. Como vas coas maletas?

—Xa está todo. Metín só roupa de verán e unha cha-
queta a maiores. Aínda que se alí sempre chove debería
levar calzado para a auga, e algunha peza de abrigo ta-
mén...

—Pero a ti quen che dixo que alí chove sempre? —re-
prende Carmiña o seu fillo—. Chove cando ten que cho-
ver, como en calquera outro sitio! Nin que aquí non cho-
vese... Alí polo menos non quedamos incomunicados pola
neve, como pasa todos os invernos nesta parte do mundo
tan moderna e tan desenvolvida.

—Entón podo deixar as catiúscas e meter un traxe de
baño? —chancéase David.

—Non enredes, anda. Tedes dúas horas para chegar
ao aeroporto antes de que abran a facturación —prémeo
a nai—. A min deixádesme no restaurante, que vos colle
de camiño, e xa me despido alí. Hoxe vén comer un grupo
de xubilados de Utah, ou de Arkansas, ou por aí.

—Pois a ver se estes non escapan correndo ao ver o
polbo e as nécoras!

—Si, xa... Ao primeiro moito noxo e moitos melin-
dres, pero logo non deixan nada no prato. Ás veces nin
as cascas do marisco, deben pensar que se lle come todo!
Mentres nai e fillo rexouban, entra Laureano.

—A ver, xa estades? —di a modo de saúdo—. Nunha
hora ou hora e media debería estar de volta no choio; dei-
xeilles o timbre da porta desmontado e teño que amañár-
llo pola tarde, non pode quedar así dun día para outro.

—Tranquilo, Lauren —apazúgao Carmiña—, sóbrache o tempo: a min deixádesme no Muino e a David con que o achegues á entrada da terminal xa está. Logo alí xa se amaña el.

—Vamos logo —urxe Laureano—. Lévosos na furgoneta e así non movemos o coche.

—Na furgoneta?! —protesta David.

—E logo que mal ten? —pregunta o pai.

—Pois que só ten dous asentos, e toda a traseira está abarrotada de cachifallos. Aínda me vai caer un trade na cabeza, deses que levas colgados alí nun lado...

—Igual co golpe espiles de vez —ironiza Laureano.

—Ou ti vas preso pola miña morte —retruca David.

—Deixádevos de enredos, de momento aquí non vai morrer ninguén —trata de pacificar a nai—. Ti, colle as maletas, que a bolsa xa cha levo eu. Veña, que son horas.

Tal como David supoñía, a parte de atrás da furgoneta está ateigada de ferramentas e máquinas de todo tipo, que non obstante van firmemente suxeitas ás súas ancoaxes, malia non deixar apenas espazo para o rapaz e a súa equipaxe. O traxecto de Bayonne ao aeroporto de Newark adoita levar apenas quince minutos que desta volta, debido á densidade do tráfico, se converten en máis de media hora de freadas, aceleracións, detencións en semáforos, cambios de carril e golpes de bucina cos que Laureano re-
crimina aos outros condutores o arriscado das súas manobras ou avisa das súas propias, non menos arriscadas.

Ante o restaurante a despedida é apresurada, o tempo xusto para que Carmiña baixe.

—Dálles moitos recordos a todos da miña parte —berra desde fóra do vehículo—. E non te apures en volver, xa verás como cando chegues decides quedar máis tempo. Quérote! —a muller debuxa cos beizos un *I love you* inaudible.

Antes de arrancar, Laureano xira a cabeza para falar con David.

—Pasa para diante. Así evitamos que che caia nada na cabeza —engade, con sorna.

16 —Vou ben aquí —afirma David, lacónico.

—Ai, agora vas ben aí... —rosma Laureano para si mentres se incorpora ao denso tráfico da Interestatal 78, a autoestrada que conduce ao aeroporto de Newark.

O aeroporto de Newark é un dos tres que presta servizo á cidade de Nova York e á súa área de influencia, xunto con LaGuardia e o JFK. O de Newark, aberto en 1928, foi o primeiro deles, e durante os anos trinta e corenta foi o maior aeroporto do mundo en volume de pasaxeiros e mercadorías. Actualmente, en ambas as marcas é superado por outros moitos, entre eles o JFK, moito máis preto do *Downtown*, o distrito centro neoiorquino.

O complexo cambiou de nome tras os atentados do 11-S e pasou a chamarse Aeroporto Liberdade de Newark. De aquí saíra un dos avións empregados nos ataques, o único que non logrou o seu obxectivo logo de que os pasaxeiros e a tripulación se rebelasen e obrigasen os secuestradores a estrelar a aeronave nun descampado.

Pero a nova denominación non callou, e o «Liberdade» só se emprega a nivel oficial. As súas tres terminais albergan 139 portas de embarque polas que cada ano pasan máis de trinta e cinco millóns de pasaxeiros.

O voo de David sae da terminal C, desde onde operan a maioría das compañías que teñen destinos nalgún punto de Europa. É a primeira vez que viaxa só en avión, pero non ten dificultade para atopar a xanela que a compañía do seu voo, a alemá Lufthansa, habilitou para os pasaxeiros con destino Madrid: unha *app* descargada no seu *smartphone* vaino guiando mediante o GPS ata a porta de embarque só con ler o código QR do seu billete.

17

Dentro do avión, o balbordo é incesante. A pasaxe está composta principalmente por familias con nenos, estadounidenses e españolas a partes iguais. David conclúe que os españois regresan das súas vacacións, en tanto que os americanos parten cara aos seus días de descanso. Conversas en inglés e castelán parecen competir por ser a que acade o maior volume no estreito corredor do Airbus A320-200. E de cando en vez algunha palabra solta en galego, que David identifica no medio do bulicio.

Mentres pon o teléfono móbil en modo avión e selecciona a lista de cancións para amenizar as máis de sete horas de viaxe, sente como o tocan no ombro con suavidade. Ergue a vista e ve dúas rapazas dunha idade próxima á súa que lle fan xestos para indicar que son as ocupantes dos asentos contiguos. David, sentado na praza máis próxima ao corredor, érguese para que poidan pa-

sar, e durante eses poucos segundos pode observalas con maior detalle. Unha delas é loura, alta e un chisco máis regordeta do que adoitan ser as mozas que asocian delgadeza e fermosura. «Xusto como me gustan a min», pensa ao tempo que a moza ocupa a praza a carón da ventá e el pon cara de estar pensando en calquera outra cousa. A outra é máis baixa e delgada que a compañeira; e negra, dun negror fulxente, e cun sorriso tan branco, cálido e insinuante que a converte nunha auténtica beleza. Cando sorri aínda máis ao pasar ao seu carón, David sente como as pernas lle fraquean.

«Mi madriña, vaia dúas... Tocoume a lotaría!», berra para os seus adentros mentres maquina cal pode ser a maneira máis natural de iniciar a conversa coas dúas mozas que o destino, en forma de billete de Lufthansa, colocou no seu camiño.

—Ola, chámome David, vós tamén ides a España? —preséntase por fin ante as rapazas mentres exhibe el tamén o seu máis amplo sorriso.

—Non, a miña amiga e mais eu tiñamos pensado tirarnos en voo no medio do océano —rexouba a moza negra mentres a compañeira lle ri a ocorrencia ás gargalladas.

David nota como arroiaba, e reza por que o seu ton escuro de pel impida que a vergonza interior que sente se manifeste tamén cara a fóra. Só imaxinar esa posibilidade fai que aínda arroiabe máis, e entrementres é incapaz de continuar a conversa.

—Non lle fagas caso a Andrea, está sempre así —é a moza loura quen fala, para alivio de David, a piques xa de poñer os auriculares e mergullarse na lista de reprodución do teléfono—. Eu son Heather —engade—; e si, imos a España, claro. A Granada, no sur. Andalucía... —pronuncia esta última palabra de xeito un tanto infantil, coma se falase dun reino fantástico que só existise nos libros de contos.

—Es español? —Andrea únese á conversa.

—Non... Ben, si... Non sei... —as rapazas míranse entre elas cun aceno de desconfianza ante os titubeos de David—. O caso é que os meus pais si, pero eu xa nacín nos Estados Unidos —a explicación parece satisfacer as mozas, que se volven mirar cunha expresión máis relaxada, do tipo «vale, polo menos parece que non estamos cun tarado»—. Vou a España coñecer a familia. Os meus pais son da provincia da Coruña, no norte. Galicia...

O mozo arremeda o xeito en que Heather pronunciou «Andalucía», e o momento arrepiñátese; pensa que a moza o pode tomar a mal e trata de iniciar unha desculpa, pero de súpeto Andrea estala en risos.

—Estate... imitando! —consegue dicir entre as gargalladas—. Non o podo crer, xusto estaba eu pensando o cursi que che quedara o de «Andalucía...», e colle o tipo e fai un chiste! —aos poucos, Andrea vaise acalmando—. Vaia, vaia, parece que o imos pasar ben nesta viaxe...

Eufórico polo inesperado éxito da súa primeira aproximación, David vai indagando máis na vida das mozas. Heather e Andrea son alumnas de Princeton, onde re-

mataron o primeiro ano de Medicina. Coñecéronse tras coincidiren nas aulas e durante o curso foron planeando a viaxe. As dúas querían coñecer Europa e España parecelles o país máis atractivo para visitaren, polo clima, a oferta cultural e o permanente ambiente festivo que as axencias turísticas empregan como reclamo. O de Granada foi unha suxestión dos pais de Heather, que lles aseguraron que era unha cidade como de conto das mil e unha noites.

20 —E ti que? Estudas ou...? —pregúntalle Andrea.

—Ben, si... —tatexa David—. Eu... rematei primeiro de Informática. Na Kean —mente o mozo para non ter que confesar que é un ano máis novo ca elas; «total, non é mentir de todo, só adiantar un pouco as cousas», xustifícase ante si mesmo.

—Informática? —sorpréndese Heather—. E eu que pensaba que os informáticos eran todos feos e antipáticos!

—Vaia, vaia —interrómpea Andrea—, unha declaración de amor en toda regra! E iso que só levamos media hora de viaxe —engade mentres Heather simula que a quere estrangular.

—Si, ben... —continúa David mentres as dúas amigas aínda finxen pelexarse—. Non tiña moi claro que estudar, así que escollín algo con saídas laborais. O dos ordenadores sempre se me deu ben, de pequeno andaba todo o día fedellando nos aparellos que había pola casa.

—Boa escolla, si, señor —gábao Andrea—. Hoxe en día todo funciona cun chip. Mesmo este avión. Non

o tomes a mal, pero pregarei para que non haxa ningunha avaría e teñan que vir buscarte a ti como experto... —chancéase.

—E eu rezarei para que non me dea un infarto a bordo e a miña única esperanza sexan dúas estudantes de primeiro de medicina —retruca David.

A maioría dos pasaxeiros van agora en silencio. Uns escoitan música, outros seguen a película que se proxecta nas pantallas situadas sobre cada un dos asentos e a maioría dorme, principalmente os nenos, cansos logo da excitación dos primeiros momentos tras a engalaxe. Só se escoita algunha conversa solta, entre elas a de David e mais as dúas rapazas, que acaban de descubrir a súa paixón compartida pola ximnasia rítmica.

—Nunca o imaxinaría dun rapaz coma ti! —exclama Andrea—. Seguro que só o dis para nos impresionar.

—Se quixese impresionarvos diríavos calquera outra cousa, pero que me gusta a ximnasia rítmica...

—Tamén tes razón —convén Heather—. Sabes cal é o meu aparato favorito? Os aros!

—A min gústanme todos! Da rítmica e da artística —asegura David—. Non hai deporte en que todo se desenvolva co grao de perfección que se require para executar un exercicio de ximnasia. Lémbreme un código informático, onde un carácter fóra de sitio pode estragar todo. Talvez por iso me gusta —reflexiona—. Estou desexando que cheguen os Xogos Olímpicos!

—Pois vas cansar de verlle gañar medallas a unha negriña pequena e delgada coma min! —afirma Andrea—. Sabes quen che digo, non?

—Simone Biles?! —adiántase o rapaz—. Como non vou saber? Claro que vai gañar unha morea de medallas, nunca na historia da ximnasia houbo un fenómeno igual.

—Non o dirás só porque é negra... —desconfía Andrea.

22 —Pois claro que non, dígoo porque é a mellor! —déndese David—. Aínda que o de ser negra tamén é unha novidade: a ximnasia é un dos poucos deportes en que os brancos seguimos gañando algo.

—Pois aproveítade, que cando nos poñamos tamén vos quitamos o tenis, o golf, a natación, o esquí e eses deportes de ricachos —acrecenta Andrea—. Só vos imos deixar a hípica, máis que nada porque é un deporte aburridísimo e é o cabalo quen compite, non o xinete.

—Deportes de ricachos? —repite David—. Eu traballo ás veces de *caddie* nun campo de golf e asegúroche que alí vai xente de todo tipo. E o tenis igual. Ademais, se estás estudando Medicina en Princeton non has de ser unha paria precisamente. Ou concedéronche unha bolsa nalgún deses deportes de pobres como o baloncesto ou o atletismo?

—O meu pai é médico, se te refires a iso —afirma Andrea—. Pero non estaba falando de min, era un comentario máis... en abstracto. Para que fagas unha idea, en Princeton só o oito por cento dos alumnos somos negros, e entre as mulleres a porcentaxe aínda é menor.

—Sempre acabas levando todo ao asunto da discriminación —reprende a Heather—. Parece que tes ti máis prexuízos ca nós. A que non tes nada contra os negros, David?

—Por suposto que non —afirma o rapaz—. O meu mellor amigo é negro. E a miña última moza tamén. Chamábase Whitney, deixámolo hai un par de meses, xusto antes de acabarmos no instituto. En realidade, foi ela quen o deixou...

—Whitney? —pregunta Andrea—. Como Whitney Houston?

—Si. Puxéronllo pola cantante, é veciña da súa nai en Newark. Era...

—Pois espero que lle vaia mellor que á Whitney orixinal... —suspira Andrea—. E que facías ti cunha moza negra, se pode saberse...?

—Gústanme as mozas negras —confesa David—. Párecenme máis... espectaculares.

—Vaia, vaia —berra Heather—, isto si que é unha declaración de amor en toda regra! E iso que aínda non chegamos á metade da viaxe! —a moza estala en gargalladas mentres mira a súa amiga Andrea con expresión de «tíñacha gardada...».